1 O comando sudo. Apagar e reiniciar o sistema

Imos ver unha serie de comandos dos que faremos uso para apagar, reiniciar e executar comandos de administración do sistema. Destacamos entre eles o comando **sudo**. (man sudo)

1.1 Sumario

1.2 Comandos utilizados

cat: amosa o contido dun arquivo.

exit: para sair dunha consola de usuario, do sistema.

poweroff: apaga o sistema.

reboot: reinicia o sistema.

groups: amosa os grupos aos que pertence un usuario.

su: cambiar a superusuario (root) ou a outro usuario calquera.

visudo: edita o ficheiro /etc/sudoers.

1.3 Ficheiros utilizados

/**etc**/**sudoers**: almacena que usuarios teñen privilexios administrativos.

/**etc**/**groups**: conten os grupos e os usuarios que pertencen a cada grupo.

1.4 Introdución a sudo

sudo: vén das siglas **SuperUser do** ou **Substitute User do** (Fai/executa como super usuario ou fai/executa como este usuario substituto)

Por exemplo, veremos que cando iniciemos un terminal de comandos aparecerá o seguinte texto:

As liñas indican que se se desexa executar algo como usuario root, que se use **sudo <comando>**.

O comando **sudo** le a configuración do ficheiro /etc/sudoers. Neste ficheiro hai información sobre:

- quen pode pode executar comandos como root,
- en que equipos,
- que comandos,
- e en calidade de que superusuarios o poden facer.

Executando, precisamente,

```
sudo cat /etc/sudoers
```

pódese ver o contido do ficheiro. Execútase con sudo, porque o ficheiro */etc/sudoers* só ten permisos de lectura para o usuario *root*. Na imaxe podemos ver un exemplo do contido do ficheiro:



Na última liña non comentada (que non comeza por #) dese arquivo vese: **%sudo ALL=(ALL:ALL) ALL**.

Esa liña ten o seguinte formato:

```
usuario/grupo host = (usuario_privilexiado) comando
```

Neste caso:

- **%sudo**: grupo que obtén os privilexios. Neste caso o grupo *sudo*.
- **ALL**: en que equipos. Neste caso en todos.
- **(ALL:ALL)**: de que usuarios e grupos gaña os privilexios: Neste caso de todos. Este campo é opcional.
- **ALL**: que comandos pode executar. Neste caso todos.

Para editar ese ficheiro é preciso usar o comando **sudo visudo**. Unha vez dentro premendo CTRL+X pódese saír do editor.

Ben, xa se sabe un pouco sobre *sudo* e *sudoers*, pero quen pertence ao grupo **sudo** que figura no ficheiro */etc/sudoers*?.

Execútese:

```
cat /etc/group
```

para coñecer os grupos e os seus membros. Ohhh!! sorpresa. O sistema cando se instalou introduciu ao usuario que se deu de alta (neste caso: *uadmin*) nunha serie de grupos, entre eles no grupo **sudo**.

```
uadmin@ubase:~$ cat /etc/group
root:x:0:
daemon:x:1:
bin:x:2:
sys:x:3:
adm:x:4:syslog,uadmin
tty:x:5:
disk:x:6:
lp:x:7:
mail:x:8:
news:x:9:
uucp:x:10:
man:x:12:
proxy:x:13:
kmem:x:15:
dialout:x:20:
fax:x:21:
voice:x:22:
cdrom:x:24:uadmin
floppy:x:25:
tape:x:26:
sudo:x:27:uadmin
audio:x:29:pulse
dip:x:30:uadmin
www-data:x:33:
backup:x:34:
operator:x:37:
```

Executando o comando

```
groups uadmin
```

Pódese coñecer os grupos aos que pertence o usuario, entre eles aparece: **sudo**:

```
uadmin@ubase:~$ groups uadmin
uadmin : uadmin adm cdrom sudo dip plugdev lpadmin sambashare
uadmin@ubase:~$
```

1.5 Pasarse a superusuario (root)

Para cambiar do usuario actual ao usuario *root* pode executarse:

```
su
```

Como se ve na imaxe pedirásenos o contrasinal do usuario *root*, pero en ningún momento da instalación se introduciu un contrasinal para o usuario *root*, e por tanto esta non se coñece. O usuario **root** tras a instalación está deshabilitado.



Pero si se pode executar o comando **su**, facendo uso da utilidade **sudo**. Así o usuario actual pasa a ser o usuario **root**.

```
sudo su
```

Pide o contrasinal, pero do usuario que está executando o comando **sudo**, e comproba se o contrasinal é correcto e se ese usuario ou algún dos seus grupos está en *sudoers*. Neste caso así é.

Fixarse como no promt usuario que administra a consola é o **root**.

Para saír da sesión dun usuario, vale con executar **exit**.



O contrasinal que se introduce co comando *sudo* será almacenado en caché por 15 minutos, co cal se se volve a executar algún comando máis con *sudo* dentro dos vindeiros 15 minutos non se volverá a pedir o contrasinal, neste caso, do usuario *uadmin*.

1.6 Apagar o sistema

O sistema só pode ser apagado polo usuario root. Para os que non sexan root e estean no ficheiro /**etc**/**sudoers** poden executar o comando antepoñendo **sudo**.

```
sudo poweroff
```

Apaga o sistema.

1.7 Reiniciar o sistema

O sistema só pode ser reiniciado polo usuario root, para os que non sexan root e estean no ficheiro /**etc**/**sudoers** poden executar o comando antepoñendo **sudo**.

```
sudo reboot
```

Reinicia o sistema.

1.8 sudo vs su/root

No seguinte enlace explícase máis a fondo o funcionamento de **sudo** e compárase coa execución de **su**, ou con habilitar o usuario **root** para realizar tarefas administrativas.

- https://help.ubuntu.com/community/RootSudo. O comando sudo (en inglés)

-- Antonio de Andrés Lema e Carlos Carrión Álvarez